



Jorge Hernández e Manuel Barahona
Responsables dos sectores lácteo e cárnico de vacún en
COAG Cyl

► HAI OUTRO PERIGO QUE AXEXA O SECTOR, QUIZAIS DUNHA FORMA MÁIS TRANQUILA E MOITO MÁIS MEDIÁTICA, AO QUE NON ESTAMOS PRESTANDO A ATENCIÓN QUE MERECE: O DESPROPÓSITO DOS *LOBBIES* ANIMALISTAS-VEGANOS

Producimos alimentos, xeramos riqueza, somos futuro

D icir que un sector tan acostumado a pasalo mal como é o do vacún (carne e leite) está en crise non é nada novo. Afrontamos unha situación terrible, cunha constante subida das materias primas debido á xa frecuente especulación que sofren os consumibles (trigo, millo, soia, combustibles...) en épocas de crises económicas, que está a conducirnos a unha total falta de rendibilidade e que provocará de novo o peche de explotacións.

Porén, hai outro perigo que axexa o sector, quizais dunha forma máis tranquila e moito máis mediática, ao que non estamos a prestar a atención que merece: o despropósito dos *lobbies* animalistas-veganos.

Amodo, paso a paso, con ideas absurdas e razoamentos ridículos, pero apoiados nunha certa situación “de moda” e aproveitando as chiscadelas que algúns dos nosos políticos lles fan... Declaracións como as do presidente do Goberno na presentación do Plan España 2050, nas que avogaba por un cambio de modelo e animaba a consumir menos carne; a pasividade do ministro de Agricultura ante estes ataques ao sector produtor ou as actitudes que parten do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico (Miteco), promovidas pola ministra Teresa Rivera, non fan senón darlles ás a todos estes grupos ultras para ir avanzando nos seus ataques ao sector, tachándonos de asasinados, torturadores ou violadores, cualificativos que só poden partir de mentes enfermas e que teñen un profundo descoñecemento do sector.

Por que se empeña a sociedade urbana en ditar a forma na que temos que alimentarnos e producir alimentos? Que saben de nós? E da altísima

calidade e garantía sanitaria dos nosos produtos?

Para estes novos “modernetes” non somos máis que os habitantes do medio rural que perturbamos a súa escapada ao campo.

Por todo iso, cremos que é o momento de facer unha acendida defensa dos nosos sectores vacúns de carne e leite, da nosa forma de producir estes alimentos nos seus diferentes modelos, da calidade que atesouran e que, ademais, ao longo da evolución contribuíron ao desenvolvemento físico e mental do ser humano, facendo que o consumo de proteína de orixe animal nos trouxese ao nivel de capacidades actual.

Para facer fronte a estes ataques, propoñemos un **decálogo de medidas e afirmacións** que consideramos que todo o sector debería facer seu, defendendo os alimentos que producimos e nos sentimos orgullosos do noso traballo:

1. **Producimos alimentos.** Sans, de orixe natural, que cumpran con todas as garantías hixiénico-sanitarias e cuxo consumo forma parte dunha dieta sa e equilibrada.
2. **Xeramos riqueza.** Ambos os sectores están entre os que máis movemento económico xeran no campo, non só pola súa actividade senón tamén pola de todas as empresas relacionadas que os conforman. O sector lácteo, desde a produción á transformación, xera ao redor de 13.000 millóns ao ano.
3. **Fixamos poboación.** Ningunha outra actividade no medio rural ten a capacidade de fixar poboación que ten o sector gandeiro, debido ás necesidades de coidado diario dos animais e de vivir preto das granxas e a súa creación de emprego.

▶ É INCOMPRESIBLE VER COMO ALGUNHAS EMPRESAS E COOPERATIVAS REFERENTES DO SECTOR VALORAN A PRODUCCIÓN E A VENDA DESTE TIPO DE “PSEUDOALIMENTOS”, ANTEPOÑENDO OS INTERESES ECONÓMICOS Á DEFENSA DOS PRODUTORES

4. **Xeramos emprego.** O sector lácteo emprega unhas 60.000 persoas ao ano. A gandería representa medio millón de persoas, as industrias cárnicas danlles emprego a 97.000 persoas e o comercio polo miúdo a outras 75.000. En total, estímase que uns dous millóns de persoas viven da totalidade do sector lácteo-cárnico, incluíndo a produción agrícola para o gando e sectores de profesionais como transporte, veterinarios, pensos, sanidade animal etc.
5. **Leite e carne vexetal = vergoña nacional.** Que non nos enganen, as bebidas de améndoas ou soia conteñen entre 7 e 9 ingredientes, mentres que unha hamburguesa vegana pode conter ata 18, o que os converte en produtos ultraprocesados, non naturais.
6. **Etiquetaxe clara.** A pesar de estar prohibido por lei, séguense usando termos como “leite vexetal” ou “hamburguesa vexetal”, definicións que para nada se corresponden coa súa natureza. Ademais, deberíamos cuestionarnos que, se tan malos son os nosos alimentos, por que se empeñan en chamalos igual?
7. **Mantemos e coidamos a paisaxe.** Actividades como a gandería extensiva preservan hábitats e especies, contribúen á prevención de incendios e manteñen a biodiversidade. Paisaxes típicas e únicas, como son a devesa ou os vales pasiegos, foron conformadas a través da actividade gandeira exercida durante séculos.
8. **Non somos a principal causa do quecemento global.** Esta afirmación foi desmentida por Heinning Steinfeld, autor principal do informe principal da FAO sobre o cambio climático. Os estudos máis pesimistas manteñen que toda a actividade gandeira supón soamente o 8 % dos gases de efecto invernadoiro.
9. **Alimentos de calidade a prezos alcanzables.** Tanto o leite como a carne son alimentos que se atopan a prezos alcanzables nos lineais dos nosos supermercados, que garanten o acceso ás rendas máis baixas e proporcionan unha nutrición adecuada.
10. **Somos necesarios, somos futuro.** Segundo as estimacións da FAO, no ano 2050 será necesario que produzamos o dobre de alimentos do que producimos actualmente para sermos capaces de abastecer a demanda da poboación mundial. Os actuais grupos de presión e movementos ultras animalistas están a usar mensaxes falsas, tentando converter en tendencia as súas teorías fatalistas sobre a produción de alimentos, apelando, ademais, a sentimentos como a compaixón para tratar de gañar adeptos. Tamén é incomprensible ver como algunhas empresas e cooperativas referentes do sector valoran a produción e a venda deste tipo de “pseudoalimentos”, antepoñendo os intereses económicos á defensa dos produtores. ■